

## VIVEIRO

## Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, procédese á seguinte CONVOCATORIA:

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para cubrir, con carácter temporal, mediante contrato relevo (75% da xornada completa) un posto de oficial de primeira en xardinería de réxime laboral do Concello de Viveiro, como consecuencia dunha xubilación parcial autorizada. Número de expediente 6262/2018.

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que "(...) todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico (...)".

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que "(...) as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicade das convocatorias e das súas bases.
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (...)"*

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que "(...) os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrència, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto (...)"

Visto o informe de día 23 de maio de 2018 do Responsable do Departamento de Persoal do Concello de Viveiro, que consta no expediente.

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

## RESOLVO:

- 1º.- Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso de mérito, de carácter aberto.
  - 2º.- Aprobar as Bases xerais, específicas e o seu anexo, que rexerán o procesos selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos ao obxecto de cubrir, con carácter temporal, mediante contrato relevo (75% da xornada completa) un posto de oficial de primeira en xardinería de réxime laboral do Concello de Viveiro, como consecuencia dunha xubilación parcial autorizada.
  - 3º.- Ordenar a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As bases xerais, específicas e anexo publicaranse na páxina web do Concello ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)), e no taboleiro de anuncios dixital.
  - 4º.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos.
- Viveiro, 19 de outubro de 2018.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2939

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

## XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

## Anuncio

MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 2 de LUGO,

HAGO SABER: Que en el procedimiento de EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 168/2017 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D<sup>a</sup> CRISTINA GARCIA TEJERINA contra CERVECERÍA DOMINO CB, NERA SILVA ARGEREY y MARÍA SOL ARGEREY RÍOS, se ha dictado decreto de fecha 30/9/2018, cuya parte dispositiva se adjunta: